

O REINO DE GALICIA

Anselmo López Carreira

Unha iniciativa de



co apoio de



Galicia denominouse Reino oficialmente ata 1833. Ese ano, baixo a rexencia de María Cristina reformouse o mapa tradicional da Monarquía Hispana, eliminándose os reinos históricos e substituíndoos polas *provincias*, desprovistas de calquera referente humano ou cultural e destinadas a uniformar a administración dun Estado centralizado. Era a primeira medida de calado do Estado liberal español e anunciaba xa a dificultade maior con que había de tropezar o novo sistema.

Sen embargo, a supresión da categoría de reino non constitúe unha efeméride dramática na nosa historia nacional; o cambio apenas prexudicaba a unha fidalguía con capacidade política xa moi minguada. Por iso as mentalidades máis progresistas da época (por exemplo os *provincialistas*) nunca pensaron en reclamar o restablecemento do Reino, unha reminiscencia do Antigo Réxime. O Reino de Galicia, en canto entidade historicamente autónoma, había séculos que deixara de existir.

Foi o advento do *Estado Moderno* a finais do século XV o que na práctica puxo fin ao Reino e colocou o país baixo dependencia castelá, no cadro da propia conxuntura interna da sociedade galega. Serve como data de referencia o ano 1486, cando os Reis Católicos viaxan a Compostela, unha vez reducidas as últimas resistencias. Desde entón o Reino de Galicia era só unha demarcación administrativa da Coroa de Castela, sen capacidade para dirixirse a si mesmo nin forza para influír nas decisións da Monarquía. A reforma de 1833 daba un paso máis no proceso de desnacionalización de Galicia, progresivamente acelerado a partir de aí.

Entre os aparellos xustificativos do novo Estado español, o liberalismo botou man do historicismo, tanto no estrito terreo historiográfico como no artístico -pintura e novela histórica sobre todo-, con proxectos que se emprenderon a mediados do século XIX, para reforzarse e adquiriren carácter totalitario -norma oficial e indiscutible- a partir da Restauración, sen interrupción ata a actualidade.

Quérese presentar España como un estado-nación, resultado dunha delongada evolución histórica -e non dunha continxencia política- protagonizada por Castela, con especial atención á Idade Media, que se explica mediante a redución aos paradigmas de “reconquista” e “repoboación”. Sendo imposible integralas nese esquema, as historias das demais nacións do Estado vense marxinadas do discurso oficial. A de Galicia, privada dos recursos teóricos indispensables, resultou particularmente prexudicada, sometida ao esquecemento e só episodicamente utilizada como parte da de Castela.

Nunha secuencia que partindo dos visigodos se fai pasar polos “reinos” de Asturias, León e Castela para desembocar en España é obvio que a existencia dun Reino de Galicia resulta discordante e inasimilable. Por iso se borra da Historia, malia as evidencias subministradas polas fontes.

A instauración do Reino de Galicia no século V significa a cristalización política dunha identidade xa previamente existente e, ao mesmo tempo, é punto de partida do proceso secular conducente á formación da moderna nación galega.

A primeira denominación de *Reino de Galicia* remóntase a mediados do século VI, cando Gregorio de Tours alude ao «*Galliciense Regnum*», expresión inequívoca da avanzada fusión das dúas comunidades que habitaban *Gallaecia*, a galaico-romana e a sueva, derrubadas as barreiras étnicas que impedían a síntese nacional. Data temperá en comparación co resto de Europa, pero que aínda cómpre adiantar en máis dun século, pois a constitución do Reino de Galicia arrinca do ano 410, cando os suevos acabados de chegar asinaban un pacto (*foedus*) co emperador romano, en virtude do cal, aínda salvándose a superioridade xerárquica do Imperio, Galicia ficaba baixo a autoridade do rei Hermerico († 438).

As condicións do pacto debían contemplar os límites correspondentes á provincia romana, mais as circunstancias políticas do século V, caracterizadas pola conflitividade e a crise do poder imperial, permitíronlles aos reis Requila (438-448) e Requiario (448-456) amplialos pola Lusitania, ata as proximidades de Lisboa, ficando así fixados practicamente ata o século XII, só alterados durante un breve período do século VII, baixo a monarquía visigoda.

A política expansionista de Requiario acabou provocando a intervención militar dos visigodos, ao servizo de Roma, que culminou coa derrota do rei suevo na beira do río Órbigo, preto de Astorga, no ano 456. Durante case un século o reino galego permanecerá na órbita visigoda, do que é símbolo a renuncia oficial ao catolicismo e a adopción do arianismo profesado por aqueles, no ano 465. Por esas mesmas datas, o remate da *Crónica* de Idacio de Chaves déixanos sumidos nunha total escuridade historiográfica.

Por tanto, a primeira fase de existencia do reino galego dos suevos é breve, mais é doado recoñecer o significado que revestiu na xénese nacional de Galicia, perceptible en dúas disposicións de Requiario.

Xa nos primeiros anos Hermerico acuñara moeda (un dos atributos da soberanía), pero fixérao en nome do emperador romano. Requiario, en cambio, vai ser o primeiro rei europeo que o faga a título propio (*IUSSU*

RECHIARI REGES). Non cabe desprezar o dato, pois indica a maduración institucional e a consolidación do referente político de Galicia.

Por outra parte, Requiario era xa católico cando accedeu ao trono, e no ano 449 ordenou a conversión de todos os suevos, de maneira que Galicia foi o primeiro reino católico de Europa. No terreo social a medida implicaba a aproximación entre as comunidades sueva e galaico-romana, e posibilitaba a superación das diferenzas étnicas que empezían a síntese nacional.

Tras longo silencio, as noticias retornan a mediados do século VI, cando, procedente do mundo bizantino, chega a Galicia Martiño (de Dumio). Con notable influencia súa -e dos seus contactos bizantinos e francos- o reino goza dun gran esplendor político e cultural durante os trinta e cinco anos derradeiros da súa existencia, nos reinados de Teodomiro (559-570) e Miro (570-583).

A volta ao catolicismo (550) supuxo o rexeitamento da influencia visigoda e a inclusión no circuíto Mediterráneo-Atlántico, aproximándose á Francia merovinxa. No terreo administrativo impuxéronse prácticas de cuño bizantino, como se aprecia na concepción Césaropapista da Monarquía, a convocatoria rexia de Concilios ou a división territorial en dióceses (*sedes*) e parroquias (*ecclesiae*), segundo se ve no *Parrochiale Suevum* (ca. 570).

En torno ao mosteiro palatino de Dumio (nas aforas da capital, Braga) florece unha interesante produción literaria, da que o propio Martiño é autor principal (*De correctione rusticorum* é a obra máis coñecida), e por todas partes se emprende unha intensa actividade construtora de igrexas e mosteiros, do que infelizmente apenas fican restos.

Diversas circunstancias internas -intromisión galega nos asuntos visigodos e problemas sucesorios tras a morte de Miro- e externas -repreghamento bizantino subseguinte á morte de Xustiniano- posibilitaron a intervención visigoda e a anexión do reino galego no ano 585.

A inmediata adopción do catolicismo por parte da monarquía visigoda toledana (589) permitiu a cómoda integración das elites galegas, en especial o episcopado, e Galicia seguiu sendo recoñecida como unha entidade particular. Polo demais, a liquidación do reino toledano por obra dos musulmáns no ano 711 restituíu a independencia de Galicia, nos mesmos límites establecidos a mediados do século V.

A escaseza extrema das fontes de que sofren os séculos VIII e IX, unida á ideoloxización da historiografía oficial española empeceu a comprensión deste período, oculto por un discurso uniformador. Mais a lectura das crónicas - cristiás ou musulmáns- revélanos que a islamización

do reino visigodo excluíu Galicia e permitiu a reorganización do vello espazo galaico, definido territorialmente entre Cantabria e as proximidades de Lisboa, receptor da dobre influencia franca e andalusí.

De procedencia franca son certas institucións políticas, así como o esquema bicéfalo dun poder que asenta sobre os esteos da Corte, en Oviedo ata 910 e logo en León, e da Igrexa, dirixida polo episcopado compostelán e un potente monacato. Neste esquema insírese a ruptura coa Igrexa toledana (debate adopcionista) e o conseguinte nacemento do culto xacobeo.

Durante o século X o esplendor do Califato de Córdoba outorgoulle un lugar preferente a esta influencia, que se manifesta visiblemente na proliferación de construcións arquitectónicas de inspiración cordobesa. A finais desa centuria producíronse alteracións momentáneas no trazado da fronteira entre o Reino de Galicia e Al-Ándalus (propriadamente chamado *España*), apropiándose Almanzor dos territorios ao sur do río Douro.

A crise califal de principios do século XI facilitálle o paso a fondas transformacións socio-políticas, xeneralizadas en toda Europa e impulsadas cara a Galicia desde Francia (orde monástica de Cluny) co soporte ideolóxico do papado (reforma gregoriana). Consólidase un modelo caracterizado polo reforzamento da alta nobreza e do clero, en detrimento da nobreza menor e, sobre todo, do campesiñado, que ve acentuada a súa dependencia mediante a perda da propiedade e a súa conversión xeneralizada en arrendatarios. Ao mesmo tempo, nacen as cidades e prospera unha burguesía comercial e artesanal, que procura a súa liberdade no marco xurisdiccional dos Concellos, sancionados polas respectivas Cartas Forais. No cumio do ordenamento político, o poder monárquico, co aval da Igrexa, revístese dunha maxestade antes descoñecida. Estes cambios e a influencia francesa fican patentes na estética do románico.

Sen embargo a crecente oligarquización tropeizou con dificultades, debido á oposición de importantes sectores. Ilústrao a morte violenta do rei Vermudo III en 1037 fronte ao navarro Fernando, casado coa súa irmá Sancha. O ascenso destes ao trono constitúe o momento de triunfo do novo réxime feudal.

Na sucesión de Fernando e Sancha (desde 1067) prodúcese xa unha fragmentación temporal do territorio galaico nos respectivos dominios castelán, leonés e galego-portugués, que responden a intereses diverxentes das súas elites aristocráticas. A área galego-portuguesa (de onde emerxerá a actual Galicia) coñece violentas tensións internas, do que é consecuencia a inestabilidade do goberno de García (1067-1072).

Baixo os reinados sucesivos de Afonso VII (ou Reimúndez), Fernando II e Afonso VIII (o mal catalogado como IX pola historiografía oficial), entre a coroación do primeiro na Catedral de Santiago en 1111 e a morte do último en 1230, o Reino de Galicia acada o máximo grao de desenvolvemento económico e cultural e de estabilidade institucional, grazas a factores de orde material (prosperidade agraria, apertura comercial, intensificación das rutas xacobeas) e ao acordo, tácito ou expreso, establecido entre os diferentes actores sociais, que desde 1188 se plasma na creación da primeira asemblea consultiva de Europa, as Cortes. É o período denominado *Era Compostelá*, durante o cal proliferaron as construcións románicas por todo o país, erguéronse as catedrais actuais, redactouse a *Historia Compostellana* e o *Codex Calixtinus* e compuxéronse as cantigas.

A coroación de Afonso Reimúndez (Afonso VII) foi patrocinada polo bispo Xelmírez, xuntamente coa liñaxe condal da casa de Traba. A nacente burguesía adquiriu unha importante parcela de poder nas cidades, en pugna constante fronte ás prerrogativas feudais dos bispos, no que foron momentos culminantes as dúas revolucións compostelás contra Xelmírez, en 1116 e 1136, e aínda que fracasaron nas súas expectativas explícitas, serviron para confirmar a influencia política burguesa. A expansión agraria e a xeneralización dun contrato enfitéutico con trazos favorables, o foro, permitiulle ao campesiñado vivir con desafogo e garantiu a estabilidade social no campo.

Paralelamente, desde finais do século XI acentuáronse as transformacións territoriais da Gallaecia. En 1085 Afonso VI (que reinaba sobre Galicia-Portugal, León e Castela) anexionaba o reino musulmán de Toledo, un espazo totalmente alleo á Gallaecia, proxectado cara a Al-Ándalus. Nesa dirección se orientaron as maiores preocupacións do monarca e os intereses dos sectores aristocráticos, sobre todo dos de Castela. O territorio politicamente central do conxunto galaico, León, onde estaba a capital do reino, xa mostrara ao longo do século X sensibles diferenzas coa Galicia *compostelá*, ao ser asento dunha nobreza palatina con intereses propios. A banda occidental tamén mostraba unha crecente oposición entre a rexión cismiñota (Galicia), onde dominaba o episcopado e a nobreza condal, e a transmiñota (Portugal), asento dos *infanzóns* autóctonos, receosos da hexemonía do gran señorío galego.

O choque entre os grupos aristocráticos de cada área, superpoñéndose a antigas diferenzas de substrato humano e cultural, dá como resultado a fractura da Gallaecia e o nacemento da Galicia actual. O conxunto castelán-toledano convértese en reino independente en 1157,

logo da morte de Afonso VII. Xa antes nacera o de Portugal, meta final dun proceso iniciado en 1095 coa creación do condado portucalense e sancionado co recoñecemento papal en 1179. A zona leonesa, aínda que diferenciada de Galicia, permanecerá en cambio politicamente unida a esta, constituíndo o Reino galego-leonés.

Cando morre Afonso VIII preséntase a alternativa entre a unión con Castela ou con Portugal. Os vínculos familiares deixaban abertas ambas posibilidades: do seu matrimonio con Berenguela de Castela nacera Fernando III, rei de Castela desde 1217, mais antes casara coa portuguesa Tareixa, nacendo dúas fillas, Sancha e Aldonza. A Igrexa patrocinaba a unión con Castela, mentres que un sector nobiliario e seguramente a burguesía urbana prefería a aproximación a Portugal. Coa entronización de Fernando III en 1230, non exenta de tensión, optouse pola primeira solución, que confirmaba en Galicia a hexemonía episcopal.

Institucionalmente supoñía unha unión persoal, baixo unha común Coroa na que os dous membros, Castela-Toledo por unha parte e Galicia-León pola outra, mantiñan os respectivos ordenamentos políticos, incluída a celebración separada de Cortes e a vixencia de códigos legais diferentes.

Mais a alta nobreza condal, dirixida desde finais do século XIII pola casa de Castro, así como a burguesía, vanse opoñer a esa situación e traerán outra vez a primeiro plano ao longo do século XIV, con máis forza que nunca, a discrepancia con unha Castela refeudalizada e a preferencia por unha orientación atlantista, favorable a Portugal e Inglaterra.

De feito a unión con Castela interrompeuse entre os anos 1296 e 1301. Co respaldo da nobreza galega e do rei Denis de Portugal foi entronizado en León o infante Xoán, forzado por fin a desistir. Pouco despois, sen chegar a disolver a unión, o goberno do infante Felipe, entre 1307 e 1327, permitiu un elevado grao de autonomía, moi incómoda para o episcopado, limitado no seu poder feudal en beneficio do autogoberno municipal.

O intento máis serio e mellor coñecido de quebrantar o predominio eclesiástico e asegurar unha proxección atlántica tivo lugar na segunda metade do século XIV, dentro dunha crise europea xeneralizada da que é síntoma paradigmático a epidemia da peste negra, que se abateu sobre Galicia en 1348.

A morte de Pedro I en 1369 levou a varios nobres galegos, encabezados polos irmáns Fernando e Álvaro de Castro, a entregar o Reino de Galicia ao monarca portugués Fernando I, experiencia frustrada polo éxito militar do novo rei de Castela, Henrique de Trastámara. Tamén se saldou con outro fracaso a intervención de Xoán de Gante, duque de

Láncaster, efemeramente coroado rei en Compostela en 1386. Despois, a dinastía tratamarista afirmouse en Galicia, e con ela a supremacía eclesiástica, mentres a vella nobreza era erradicada e o seu lugar ocupado por outra de segundo nivel, grazas ás mercés da Monarquía.

Durante o século XV asístese a unha etapa aguda de conflictividade social e ao desenlace da mesma en termos que ficarán fixados para todo o Antigo Réxime, resumibles na preponderancia indiscutible da Igrexa, a ruralización do país e a dependencia política do Reino con respecto á Coroa castelá, coa mediación non só do alto clero, senón tamén dunha fidalguía rendeira.

Sen embargo, desde principios da centuria a burguesía atravesaba unha fase económica favorable, que lle permitiu estimular a produción vitícola e a pesca, canalizando por vía marítima o viño cara o norte europeo e o peixe ao Mediterráneo. A prosperidade así inducida traducíuse no reforzamento reivindicativo dos concellos, ansiosos por sacudírense o señorío episcopal e acadaren a directa dependencia do rei (reguengo).

A oposición sistemática da aristocracia (nobreza e clero) a toda reforma rexia que supuxese mingua do seu poder feudal provocou un profundo deterioro político en toda a Coroa (Galicia-León-Castela) durante os reinados de Xoán II e Henrique IV, un estado de virtual guerra civil e violencia social xeneralizada. Fronte a isto os concellos galegos constitúen Irmandades para opoñerse aos señores xudicialmente e polas armas.

Episodios coñecidos balizan esta insubmisión crecente: María Castaña en Lugo a principios de século, o suceso de Pozo Meimón en Ourense en 1419, a Irmandade de Roi Xordo en Ferrol-Pontedeume en 1431.

Por fin, en 1467 érguese todo o pobo de Galicia, organizado en Irmandade Xeral do Reino. A interpretación historiográfica oficial (non así Vicetto nin Murguía) quixo ver aquí un movemento labrego (acaído a unha Galicia sempre arcaizante), mais o certo é que foi a burguesía urbana quen asumiu a función dirixente, co concurso de fidalgos, cabidos catedralicios e mosteiros, e naturalmente con participación campesiña. O seu obxectivo explícito é o desbancamento político dos bispos e dos condes en beneficio do poder rexio e dos concellos.

Durante dous anos triunfou a Revolución Irmandiña, mais en 1469 a aristocracia, exiliada en Portugal e Castela, retornou triunfante pola forza das armas. O restablecemento señorial supuxo a frustración política da burguesía, prexudicada ademais pola mala conxuntura do comercio exportador, afectado pola tensión que a Coroa viña mantendo con Inglaterra e Portugal.

Mais a vitoria da aristocracia galega era ficticia, sumida axiña nun violento debate interno para acaparar poder, polarizado entre o sector episcopal (encabezado polo arcebispo Fonseca) e o condal (Pedro *Madruga* ou Pardo de Cela). O caos resultante propiciou a intervención da Coroa (os Reis Católicos), naturalmente en favor dos bispos, aliados seus. As resistencias nobiliarias fican personificadas nos fracasos de Pedro Álvarez de Soutomaior (Pedro *Madruga*), os dous condes de Lemos sucesivos e, sobre todo, o mariscal Pedro Pardo de Cela, executado en Mondoñedo en 1483. O conseguinte triunfo episcopal e o absoluto control político por parte da monarquía hispánica son dous aspectos da mesma realidade.

Sometido a unha serie de medidas centralizadoras desde finais do século XV, o Reino de Galicia deixaba de existir. Unha vez “domada”, Galicia convertíase nunha “colonia da Corte”.